

Como crear grupos en Agueiro

En Agueiro únicamente poden crear grupos os usuarios que teñen o rol de **administrador** ou o rol de **xestor** dunha Comunidade.

Estes dous roles só poden ser asumidos polos profesores dos centros educativos que xa contén unha *comunidade educativa virtual* activada en Agueiro.

Para crear un grupo, un *administrador* ou un *xestor* dunha comunidade debe ir ao seguinte menú:



Despois de pulsar o botón “**Crear un grupo**” aparecerá unha pantalla onde deberá seleccionar as opcións e a configuración que desexa asignarlle a este novo grupo.

O primeiro dato que debe introducir será o “**Nome do grupo**” e a continuación, se o desexa, poderá introducir unha “**Descrición do grupo**”, aínda que éste último dato é opcional.

▼ Axustes

Participación

Aberto
Os usuarios poden unirse ao grupo sen aprobación dos administradores do grupo.

Controlado
Os administradores do grupo poder engadir usuarios ao grupo sen o seu consentimento, e estes membros non poden deixar o grupo

Petición
Os usuarios poden enviar solicitudes de participación aos administradores do grupo.

Roles Curso: Membro, Titor, Administrador ⓘ

Invitar a amigos/as
Se está activada, os membros poden invitar ás súas amizades a unirse ao grupo. Independentemente deste axuste, os administradores do grupo sempre poden enviar invitacións.

Recomendar a amigos/as
Se se activa, os membros poden enviar unha recomendación para unirse a este grupo ás súas amizades desde un botón na páxina principal do grupo.

Páxinas

Crear e editar páxinas Todos os membros do grupo ⓘ
Roles con permisos para crear e editar páxinas de grupo

Permitir envío de páxinas
Os membros poden enviar páxinas ao grupo, que despois serán bloqueadas. Estas páxinas non se poden editar ata que son liberadas por un titor do grupo ou por un administrador.

Visibilidade

Grupo oculto
Non incluír a este grupo no listado de grupos, nin tampouco nos resultados das buscas.

Participación oculta
Ocultar a lista de membros do grupo para usuarios que non son membros do propio grupo.

Ocultar participación para os membros
Non se mostra a lista de membros a ningún. Só os administradores do grupo poden ver a lista de membros. Os administradores aínda se mostrarán na páxina principal do grupo.

Informe de participación
Se está marcado, o administrador do grupo pode acceder a un informe que mostra todas as páxinas compartidas do grupo, así como quen comentou sobre cada unha delas.

Editáble

Data inicio Seleccionar data 2015 Febreiro 13 a 15 45
O grupo non pode ser editado polos seus membros antes desta data

Data fin Seleccionar data 2015 Febreiro 13 a 15 45
O grupo non pode ser editado polos seus membros despois desta data

Xeral

Compartir notificacións de páxina
Se se activa, unha notificación será enviada a cada membro do grupo cada vez que un membro comparte unha das súas páxinas co grupo. Ao habilitar esta opción en grupos moi grandes pode producirse unha grande cantidade de notificacións.

Enviar mensaxes dos foros inmediatamente
Se está marcado, calquera membro do grupo pode enviar mensaxes nos foros inmediatamente. Se está desmarcado, unicamente os administradores do grupo, titores e moderadores poderán facelo.

Recoméndase sempre **deixar marcadas as opcións por defecto** para todos os grupos.

Non modifique as opcións marcadas por defecto, excepto nos casos de grupos especiais creados para fins moi específicos.

Un grupo **controlado** permítelle ao creador do grupo decidir qué usuarios forman parte do grupo.

Nos grupos **controlados** os membros do grupo non poden abandonar o grupo por iniciativa propia.


Os grupos **ocultos** non aparecen no listado xeral de grupos, polo que unicamente son visibles polos propios membros do grupo.

Esta característica é especialmente importante, xa que o listado xeral de grupos é visible por **todos** os usuarios de **todas** as comunidades.

Como engadir alumnos nos grupos

 Para poder engadir alumnos aos grupos, en primeiro lugar os alumnos deben estar dados de alta previamente como usuarios de Aqueiro e membros dunha comunidade.

Pulsa sobre a opción “**Membros**” da barra de ferramentas do grupo.



Primeiro ESO-A




Pulsa “**engadir moitos usuarios**” para engadir directamente no grupo aos alumnos que desexe.

Pulsa “**enviar invitacións múltiples**” para que os alumnos entren no grupo aceptando unha invitación.

Realiza os seguintes pasos:

- 1 No buscador de membros introduce o **código do teu centro educativo** e pulsa o botón “Ver”
- 2 No recadro “**Membro potencial**” aparecerán os alumnos do teu centro educativo. Selecciona nese recadro os alumnos desexados e pásalos para o recadro da dereita “**Usuarios para engadir**”
- 3 Finalmente pulsa o botón “**Enviar**”



Datos xerais **Membros** Foros Páxinas Coleccións Compartir Ficheiros Informes

Engadir membros

Mostra só o primero 100 resultados

Membro potencial

Usuarios para engadir

Buscar: Ver

Enviar

Introduce aquí o **código** do teu centro educativo para buscar aos teus alumnos